

O historiador Francisco Carballo

Historia e construción nacional camiñan xuntas; é doado comprobar o paralelismo entre ambas. Non sorprende, pois a nación é o suxeito por excelencia da historia. Por iso, malia os obstáculos interpostos polo centralismo, ao longo dos anos vinte e trinta do pasado século, ao tempo que o nacionalismo político se desenvolvía, foi tamén progresando a renovación historiográfica, impulsada polo Seminario de Estudos Galegos (SEG).

En contraste con iso, a atención prestada á historia na Universidade compostelá era practicamente nula, e moito máis aínda a empatía co país. Pero as carencias académicas estaban satisfactoriamente suplidas polo SEG, lugar de encontro das mentes máis sensibles cara ao país e marco da investigación da historia e dos outros elementos constitutivos da nosa personalidade colectiva.

O fascismo asestoulle en 1936 un golpe demoledor a ese agromar da intelixencia. Disolto e expoliado o SEG, asasinados, exiliados ou represaliados os seus membros, a longa noite de pedra deparou décadas de retroceso e desconexión co noso pasado. A depurada Universidade franquista atravesou trinta anos de esterilidade historiográfica, que non podía compensar o esforzo individual dalgúns estudosos, moitos deles epígonos do SEG e seguidores do seu ronsel, volcados en investigacións dispersas, suxeitas ás directrices do nacional-catolicismo.

Os escasos pasos de renovación que se emprenderon a mediados dos anos sesenta na Universidade chegaban cun retraso de décadas, limitados á suposta asepsia dos métodos cuantitativistas e, polo xeral, con auténtica aversión a todo o que puidese significar historia social. Galicia non pasaba de ser unha mera circunstancia territorial, exenta de personalidade histórica.

As expectativas de viraxe historiográfica eran poucas. A xeración formada a finais dos sesenta e principios do setenta, novos licenciados ou estudantes aínda, apenas acumulaban currículo académico e contaban con pouca ou nula experiencia investigadora e pedagóxica.

HISTORIA E CONCIENCIA NACIONAL

Foi nese ambiente, de inercia metodolóxica e epistemolóxica, mais tamén de certas esperanzas, cando a situación política permitía presaxiar a ruptura co mundo da ditadura, cando Francisco Carballo retornou a Galicia (1973), logo dunha dilatada estancia fóra do país.

Carballo achegaba un importante activo. Pola idade, pois era un home xa maduro, complemento valioso entre un colectivo de xente nacionalista excesivamente nova. Pola súa experiencia: tiña xa sobre si longos anos de docencia e en Vigo comezaba a impartila na escola universitaria de Maxisterio. Todo iso outorgáballe aos nosos ollos unha autoridade reverencial, que se estendía incluso –cómpre recoñecelo– á súa condición eclesiástica, que o blindaba fronte ao doutrinarismo propio da nosa xuventude e activa militancia, e abría o abano do pluralismo.



XAN CARBALLA

O seu paso polas aulas universitarias madrilenas como estudante de Historia permitíralle entrar en contacto coa corrente historiográfica francesa dos *Annales* e coa marxista, mediante o coñecemento directo ou indirecto de figuras cimeiras da investigación histórica como eran Pierre Vilar ou Josep Fontana.

No ano 1963 publicara un estudo sobre o santuario do Monte Medo, suxeito a unha concepción clásica, con gran peso das efemérides cronolóxicas. Era, sen dúbida, unha débeda que asumía coa súa condición de padre paúl.

A primeira manifestación sonora da súa actividade de historiador é inseparable do seu compromiso co país, un acto científico e rigoroso, e tamén de militancia e responsabilidade. En 1979 saía á luz un manual colectivo, a *Historia de Galicia* editada polo Frente Cultural da ANPG. A parte elaborada por Carballo, correspondente á Idade Moderna, presenta un enfoque posto ao día, no que a narración de acontecementos cede o posto á análise dos compoñentes da sociedade, con atención ao suxeito colectivo en vez de ás grandes biografías.

A obra, de moi ampla acollida, ofrecía unha narración centrada no país. Era, ademais, a única *historia de Galicia*, actualizada e completa, existente, quitando a moi limitada de V. Risco, editada (en castelán) en 1952. O poder era consciente do seu contributo á creación de conciencia nacional: aínda que con atraso (dúas edicións vendidas), o libro foi secuestrado polo Goberno e Francisco Carballo procesado por cualificar de asasinato a morte de Moncho Reboiras.

O posterior traballo historiográfico de Carballo seguiu dous camiños complementarios: investigación e divulgación, dúas caras inseparables do auténtico proceso científico.

En 1995 vía a luz un estudo sobre *A Igrexa galega*, pioneiro na temática de conxunto.

Obra lóxica nun crego, non é compracente coa Igrexa. Expón o que Carballo adoitaba describir como "lucos e sombras" desa institución. Citemos tamén os traballos, concisos e rigorosos, sobre os ilustrados e sobre Alexandre Bóveda, ou unha *Breve historia de Galiza* (2000). Mais é sobre a faceta divulgadora sobre o que preferimos poñer o acento.

En 1991, constituíndo el o núcleo máis activo dun equipo, púxose en marcha na editorial A Nosa Terra o proxecto de edición dunha colección de *historia de Galicia*, composta por un novo manual e unha ampla gama de traballos monográficos, con destino a un gran público ansioso de coñecer a xénese e existencia da nación. Viron a luz vinte volumes, froito da colaboración da maior parte dos historiadores galegos en activo.

A importancia dese proxecto resalta hoxe aínda máis, cando contemplamos o triste panorama institucional que, tamén neste campo, presenta Galicia, exposta á indefensión intelectual, sometida no terreo da historiografía ao peso de paradigmas alleos e obsoletos.

<<Entrou en contacto coa corrente historiográfica dos *Annales* e coa marxista, mediante o coñecemento de figuras cimeiras da investigación histórica>>

Por Anselmo López Carreira.
Historiador